

CIRCULAR INFORMATIVA SOBRE A ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS E ALUMNOS/AS NO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO

A resolución do 10 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (DOG do 18) establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos Consellos Escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. Para a súa información recórdolle, de xeito resumido, os principais aspectos relativos á elección dos/as representantes de pais/nais de alumnos/as:

1.- CONSELLO ESCOLAR (Composición e vacantes):

- 3 Pais/nais de alumnos/as (1 deles proposto/a pola ANPA máis representativa) **(1 vacante)**
- 3 Representantes do alumnado ESO (3 vacantes)

Os membros do Consello escolar son elixidos por 4 anos e renóvanse parcialmente cada dous. Neste curso compre facer unha renovación de acordo coa lexislación vixente.

2.- ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS DE ALUMNOS/AS (1 posto vacante)

a) Electores

Son o pai e a nai ou os titores legais (**poden votar os dous**) dos/as alumnos/as matriculados/as no centro e que figuren no censo de pais/nais que estará exposto no taboleiro de anuncios do colexio (**convén revisar e comunicar se hai erros de omisión ou transcripción**), se Vde. non figurase no censo ou advertira algún erro póñao en coñecemento antes do día 11 de novembro para que o secretario proceda a súa rectificación, e proceda a dar conta á Xunta electoral para súa aprobación.

b) Elixibles

Tódolos electores son elixibles sempre e cando presenten a súa candidatura. Se Vde. quere ser candidato/a ten que solicitalo a Xunta Electoral, para elo ten que facer unha solicitude dirixida á Xunta Electoral no impreso oficial colgado na páxina web (tamén pode pedilo a través do/a seu/súa fillo/a na secretaría)

O prazo de presentación de candidaturas é do 29 de outubro ao 8 de Novembro (inclusive) e poden presentar a súa solicitude no correo cpi.cruz.sar@edu.xunta.gal ou na secretaría do centro (en horario de 9:20 a 14:00 horas).

c) Elección

A votación para a elección dos pais/nais que corresponde renovar farase entre os candidatos admitidos e proclamados pola Xunta Electoral o vindeiro día **18 de novembro** no Centro diante dunha **mesa electoral constituída por:**

- O director do centro, que será o seu presidente
- **Catro pais/nais de alumnos/as designados/as por sorteo público entre os/as que non sexan candidatos/as (o sorteo celebrarase o día 11 de novembro ás 11:15 horas na secretaría do Centro).**

Bergondo, 29 de outubro de 2024.

Asdo.: Xosé Antonio Iglesias.
(PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL)